



.....

Xornada

Mapa Sonoro de Galicia: vila a vila

/// Ribadeo

.....

Casa do Viejo Pancho

Ribadeo

Venres, 27 de maio de 2022 ás 19:00 horas



Desde o Consello da Cultura Galega, a través do Arquivo Sonoro de Galicia (ASG), estamos a promover a conservación do patrimonio sonoro de Galicia presentando o Mapa Sonoro de Galicia, que é a ferramenta onde queremos que teñan representación as vilas e bisbarras do país coa súa propia identidade sonora.

O Mapa Sonoro de Galicia (mapasonoro.consellodacultura.gal) nace co obxectivo de ofrecer unha perspectiva xeográfica a coleccións sonoras xa custodiadas pola institución ou por outras entidades e particulares. Está especializado en coleccións de recollida antropolóxica, etnográfica, lingüística ou de sons da natureza, ambiente ou de actividade humana.

O Mapa Sonoro parte de máis de 800 documentos sonoros distribuídos por todo o país, espallados en coleccións sonoras moi diversas en tipoloxía e distribución xeográfica: A cultura popular de tradición oral nos centros da terceira idade recolle lendas, contos populares e gravacións dos nosos maiores. A nosa fala permite coñecer e diferenciar as variedades dialectais da lingua galega. Auga doce: viaxe sonora polo río Miño acolle os sons do gran río de Galicia, desde o paso natural do río ata as accións humanas vinculadas a el. Sons da terra permite escoitar sons da natureza pero tamén de oficios xa desaparecidos, e o Cancioneiro antropolóxico recolle os cantares e a tradición musical das montañas do Lor e as terras de Quiroga, en Lugo.

Trátase de ofrecer esta ferramenta á cidadanía para que poida incorporar aqueles materiais sonoros que forman parte da identidade sonora das súas vilas, para así preservar a nosa memoria.

Programa

19:00 horas

Presentación da xornada

Pilar Otero Cabarcos, concelleira de Cultura do Concello de Ribadeo
Xosé Ramón Pousa, Arquivo Sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega

“MAPA SONORO DE GALICIA: VILA A VILA” é, polo tanto, un ciclo de xornadas deseñadas para plasmar a identidade sonora das principais vilas de Galicia que se iniciou no mes de setembro de 2021 en Ribadavia e que se levará a cabo ao longo do ano 2022.

19:15 horas

O ASG E O MAPA SONORO DE GALICIA: VILA A VILA

Xosé Ramón Pousa, Arquivo Sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega
Francisco Nieto, membro da Comisión Técnica do Arquivo Sonoro de Galicia

O formato que se presenta é moi sinxelo. Consiste nunha xornada de pouco máis dunha hora de duración na que se expón a importancia do son como valor cultural e a necesidade de conservar os sons do presente para xeracións futuras, así como o labor que leva a cabo o ASG, especialmente a través do Mapa Sonoro de Galicia.

Na mesma sesión, as persoas asistentes determinarán as voces e os sons (naturais ou artificiais) que consideran máis representativos da vila que se visita e a súa área de influencia, planificando a gravación deles. No acto explicaranse a dinámica e a técnica de realización das gravacións, que, na súa maior parte, serán efectuadas cos teléfonos móbiles das persoas participantes, as cales terán unha semana de prazo para proceder á súa realización e á subida dos sons ao Mapa Sonoro de Galicia, onde quedarán, en aberto, a disposición do público.

Organiza

Arquivo Sonoro de Galicia
Consello da Cultura Galega

Colabora

Concello de Ribadeo

Coordina

Xosé Ramón Pousa

Lugar

Casa do Viejo Pancho
Rúa Viejo Pancho, 12, 1º andar
Ribadeo

Inscripción

Acceso libre até completar a capacidade da sala.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

Organiza:



Colabora

